

EXPLICACIÓN SINTAXE

A sintaxe, como todo, require dunha aprendizaxe pero non se trata de asimilar conceptos, senón de adquirir ferramentas para saber empregalas e obter as respostas que precisamos.

Pasos para a análise:

1. O primeiro é identificar o verbo. É a base na que se sustenta a oración.
2. Identificar os grupos, frases ou sintagmas, é dicir, o conxunto de palabras que van xuntas.

Ex. Esta tarde iremos á festa do pobo

- Iremos é o verbo
- Esta tarde é unha frase nominal
- Á festa do pobo: é tamén unha unidade porque do pobo dá información sobre a festa (non é unha festa calquera).



pode ser tendamos a separar do pobo de festa, para evitar isto hai que utilizar a lóxica e ver , se quitando unha parte, a outra ten sentido.

3. O seguinte paso é identificar a función de cada frase (grupo ou sintagma). É aquí onde temos que aplicar os coñecementos teóricos.

Esta tarde iremos á festa do pobo

CCT

CCL

CCT: responde á pregunta cando? Esta tarde

CCL: responde á pregunta onde? Á festa do pobo

Para saber identificar estas funcións sempre se parte do verbo e vanse facendo preguntas: QUEN, QUE, A QUEN, COMO, ONDE, CANDO, etc. e así vaise atopando a función de cada parte da oración.

Ex. Moitas persoas mandan mensaxes anónimas.

S. NOM

S.NOM.

1. O primeiro paso feito: identificado o verbo e as estruturas que conforman a oración.

2. Agora imos identificar as funcións: para que sexa máis doado, é mellor ir seguindo unha orde: SUX, CD, CI, ATR. , PVO (Predicativo), C.REX. (Complemento de Réxime), CCL, CCT, CCC. (Complemento Circunstancial de Cantidade), CCMo (Complemento Circunstancial de Modo) CCIns(Complemento Circunstancial de Instrumento), CCCa (Complemento Circunstancial de Causa).



Un consello:

Facede un esquemiña coas funcións, na orde anterior, e con cada criterio para identificalas e tédeo a man cada vez que fagades un exercicio. Axuda moito!!

- Ex. SUX: - Responde a QUEN?
- Indica quen fai a acción
- Concorda en número co verbo.

Agora imos aplicar os coñecementos:

Ex. Moitas persoas mandan mensaxes anónimas.

S. NOM

S.NOM.

Moitas persoas é SUX. Porque responde á pregunta QUEN manda? Moitas persoas

- Indica quen fai a acción: moitas persoas.
- Concorda en número co verbo: se poño a frase en plural o verbo cambia: unha persoa manda.

Mensaxes anónimas: é C.D. porque responde á pregunta QUE mandan? Mensaxes anónimas.

- Pode substituírse polo pronome as: mándanas.
- ó pasar a oración a pasiva o CD pasa a SUX. : moitas mensaxes son mandadas.

Polo tanto:

Moitas persoas mandan mensaxes anónimas.

S.NOM/ SUX.

S.NOM/ C.D.



É importante aplicar todos os criterios porque , se non, pódense cometer erros deste tipo:

Onte levamos o neno ó médico

No caso de saber a función de o neno tendemos a preguntar A QUEN e pensamos que fai a función de C. I. pero non é así. Se substituímos polo pronome resulta que empregamos o (neste caso –lo porque o verbo remata en –s) e non lle (que é pronome de C.I.), ademais, pasando a pasiva, o neno pasa a SUX: o neno foi levado ó médico por nós. Polo tanto, non é C.I. senón C.D

| | | | |
|-------------|----------------|---------------|-----------------|
| <u>Onte</u> | <u>levamos</u> | <u>o neno</u> | <u>ó médico</u> |
| CCT | NUC | SNOM./CD | S. PREP. /CCL |

➤ Outra oración: Aquela mañá os rapaces estaban moi alterados

| | | |
|--------|--------|--------|
| S.NOM. | S.NOM. | S.ADX. |
|--------|--------|--------|

Unha vez identificado o verbo e as frases, pasamos ás funcións:

Aquela mañá: CCT, responde a CANDO estaban? Aquela mañá.

Os rapaces: é SUXEITO porque responde á pregunta QUEN estaban? Os rapaces.

- Indica quen fai a acción: os rapaces.
- Concorde en número co verbo: se poño a frase en plural o verbo cambia: o rapaz **estaba**.

Moi alterados: é ATRIBUTO porque responde a COMO estaban?

- Vai cun verbo copulativo: estar.
- Concorde en xénero e número co SUX. : as rapazas estaban moi alteradas.

Polo tanto,

| | | | |
|--------------------|-------------------|----------------|----------------------|
| <u>Aquela mañá</u> | <u>os rapaces</u> | estaban | <u>moi alterados</u> |
| S.NOM. /CCT | S.NOM. /SUX | | S.ADX./ATR. |

➤ Outra oración: **Levouno** para os amigos



o verbo é levar, non levenar, polo tanto, no é un pronome (sería o, polo tanto, é CD.)

Levouno para os amigos

NUC CD. S.PREP.

No: que é unha variante do pronome o cando o verbo remata en ditongo (levou) é sempre CD.

Para os amigos: é CI. porque responde PARA QUEN levou? Para os amigos.

- Podemos substituír polo pronome LLES: levoulles

Polo tanto,

Levouno para os amigos

NUC CD. S.PREP.

➤ Máis exemplos:

Durante a reunión os veciños **falaban** bastante alterados

S.PREP.

S. NOM

S.ADX.

Durante a reunión: é CCT porque responde a CANDO falaban? Durante a reunión.

Os veciños: porque responde á pregunta QUEN falaba? Os veciños.

- Indica quen fai a acción: os veciños.
- Concorde en número co verbo: se poño a frase en singular o verbo cambia: o veciño falaba.

Bastante alterados: é PREDICATIVO (PVO) porque responde a COMO falaban?

- Non vai con verbo copulativo (ser, estar, parecer)

- Concorde en xénero e número co SUX : a veciña falaba bastante alterada.

Polo tanto,

Durante a reunión os veciños **falaban** bastante alterados

S.PREP/ CCT

S. NOM /SUX.

S. ADX/ PVO

➤ Sempre **soñaba** coa viaxe con moita ilusión

CCT

C. REX

CCMo

Sempre: é CCT porque responde a CANDO falaban? sempre

Coa viaxe: é C. REX. porque é un complemento que sempre vai unido ó verbo con esa preposición (soñar sempre é soñar con) e non pode ser ningún outro complemento (non hai ningún complemento que responda a CON QUE?).

Con moita ilusión: é CCMo porque responde a COMO? Con moita ilusión (non pode ser nin ATR. nin PVO porque non concorda con nada).

Polo tanto,

Sempre **soñaba** coa viaxe con moita ilusión

CCT/adv.

C. REX/S. PREP.

CCMo/ S.PREP.

O poema **foi escrito** polo alumnado de 2º

S.NOM.

C. AXEN.

O poema: é SUX. porque responde a QUEN?



ollo porque a primeira idea é preguntar QUE, por iso as preguntas ás veces son enganosas. É fundamental ter moi claro que a única función que concorda co verbo é o SUX: os poemas **foron escritos**.

por un alumno de 2º: é C. AX. porque responde a POR QUEN foi escrito? Polo alumnado de 2º.

Ademais vai cun verbo en pasiva: foi escrito (verbo ser+ participio)

ACTIVIDADES:

Agora a practicar un pouco!!!

1. Identifica os sintagmas ou grupos e a función que fai cada un.
2. Xustifica por que cres que fai esa función, explicando de forma práctica os criterios que empregaches.
3. Analiza en árbore.

- Os rapaces fixeron o baile moi entusiasmados.
- Aquel día enviou un precioso ramo de flores á súa querida amiga.
- Mañá levaremos os cans ó parque do pobo.

É moi doado, xa verás!!